



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL, A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL, O MINISTERIO FISCAL, O COLEXIO DE AVOGADOS DE PONTEVEDRA E O COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA EXPERIMENTAL DE MEDIACIÓN FAMILIAR INTRAXUDICIAL PARA O ANO 2018 EN PONTEVEDRA

Esta consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de impulso, implantación e desenvolvemento de programas e actuacións de desxudicialización de conflitos e de promoción da mediación, especialmente no ámbito de menores e familia, tal e como establece o Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, modificado polo Decreto 11/2015, do 5 de febreiro.

A Consellería de Política Social, consonte o Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, ten asumidas entre as súas competencias a xestión das políticas autonómicas en materia de acción social de apoio á familia, segundo o disposto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia e, en concreto, as competencias de mediación familiar derivadas da Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar e do Decreto 159/2003, do 31 de xaneiro, polo que se regula a figura do mediador familiar, o Rexistro de Mediadores Familiares de Galicia e o recoñecemento da mediación gratuíta.

Nos mencionado ámbitos materiais, constitúe un dos obxectivos a mediación familiar que é unha técnica de resolución de conflitos e máis concretamente, un proceso no que a parella acepta a intervención neutral e cualificada dunha terceira persoa (o/a mediador/a familiar) que tratará de que atopen por si mesmos un acordo duradeiro e mutuamente aceptable, considerando as necesidades de cada membro da familia e especialmente as dos nenos/as, dentro dun espírito de responsabilidade compartida e de igualdade dos proxenitores.

Antecedentes: No desenvolvemento da competencia referida anteriormente, no ano 2014 asinouse un Convenio de Colaboración entre o Consello Xeral do Poder Xudicial, a Consellería de Presidencia, Administracións públicas e Xustiza, o Ministerio Fiscal e a Universidade de Vigo, para a implantación dun programa experimental de mediación intraxudicial gratuíta en Vigo, mediante a constitución dun equipo permanente de mediación, dependente da Universidade de Vigo, composto por un/unha psicólogo/a e un/unha xurista habilitados e inscritos no Rexistro de Mediadores Familiares de Galicia. A implantación deste programa experimental de mediación no ámbito de familia resultou moi satisfactoria para todas as partes asinantes do convenio o que motivou que se dese continuidade a este proxecto nos anos posteriores.





Na liña do anterior, o presente convenio pretende darlle continuidade durante o ano 2018 a este proxecto de mediación no ámbito de familia, en colaboración co Colexio de Avogados de Pontevedra e o Colexio de Psicoloxía de Galicia, unha vez que a Universidade de Vigo manifestou a súa renuncia a este proxecto, para o cal o Colexio de Avogados de Pontevedra e o Colexio de Psicoloxía de Galicia designarán aos mediadores (tanto titular como suplente), de entre os/as profesionais inscritos/as no Rexistro de Mediadores Familiares de Galicia, seleccionando a aquelas persoas que pola súa formación específica e experiencia se consideren máis idóneas para o desenvolvemento deste proxecto, previa aceptación desta. A tal fin, realizarase unha convocatoria de selección acorde a uns criterios que se definirán na mesma.

Finalidade: Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Consello Xeral do Poder Xudicial, coa Consellería de Política Social, co Ministerio Fiscal, co Colexio de Avogados de Pontevedra e mais co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que comprende dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018, non obstante abranguerá as accións obxecto do convenio que se realicen desde xaneiro de 2018.

O convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre o Consello Xeral do Poder Xudicial, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Política Social, o Ministerio Fiscal, o Colexio de Avogados de Pontevedra e mais o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a promoción do servizo de mediación mediante o desenvolvemento dun programa experimental de mediación familiar intraxudicial gratuíta en Pontevedra, que poderá estender os seus servizos aos partidos xudiciais limítrofes en función da dispoñibilidade dos mediadores, dependentes do Colexio de Avogados de Pontevedra e do Colexio de Psicoloxía de Galicia, que estarán inscritos no Rexistro de Mediadores Familiares de Galicia (así como do suplente para supostos de incompatibilidade e incapacidade).

O Colexio de Avogados de Pontevedra e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia designarán os mediadores (tanto titulares como suplentes) de entre os/as profesionais inscritos/as no Rexistro de Mediadores Familiares de Galicia, seleccionando a aquelas persoas que pola súa formación específica e experiencia se consideren máis idóneas para o desenvolvemento deste proxecto, previa aceptación desta. A tal fin, realizarase unha convocatoria de selección acorde a uns criterios que se definirán na mesma.

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A mediación como procedemento pode dar solución extraxudicial dun xeito rápido e económico aos conflitos mediante procedementos adaptados ás partes. Deste xeito se define na Directiva 2008/52/CE do Parlamento Europeo e do Consello da Unión Europea, no seu artigo 3 como procedemento estruturado, sexa cal sexa o seu nome e denominación, no que dúas ou máis partes en conflito tentan voluntariamente acadar por si un acordo sobre a resolución do seu litixio coa axuda dunha/dun mediadora/or, procedemento que pode ser iniciado polas partes, suxerido ou ordenado por un órgano xurisdiccional ou prescrito polo Dereito dun Estado membro. Neste sentido, considérase que a mediación intraxudicial (aquela que se leva a cabo cando o





proceso xudicial xa está iniciado) resultaría ser unha metodoloxía axeitada e válida para resolver unha porcentaxe significativa de procesos xudiciais, sobre todo naqueles casos nos que as dúas partes deberán continuar relacionándose no futuro por ter intereses comúns, o que se adapta á perfección aos casos dos procesos de ruptura familiar con fillas/os menores.

Financiamento: co fin de financiar os gastos relativos ao nomeamento do mediador por parte do Colexio de Avogados de Pontevedra e do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través dos orzamentos da Dirección Xeral de Xustiza, achegará con cargo á aplicación orzamentaria 05.22.131A.481.0 dos orzamentos de gastos para 2018, un importe máximo de CORENTA MIL EUROS (40.000,00 €) desglosado do seguinte xeito:

- 20.000,00 € para o aboamento ao Colexio de Avogados de Pontevedra.
- 20.000,00 € para o aboamento ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

As cantidades anteriores seranlle transferidas ao Colexio de Avogados de Pontevedra e ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia trala certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para o que foi concedida a subvención, de acordo co establecido no artigo 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2018

Juan José Martín Álvarez

Director Xeral de Xustiza

